

## INÉS PÉREZ DE BELMONTE

Esta muller desempeñou un papel notable na alta sociedade ourensá do século XVI. Era filla de Fernán Álvarez de Belmonte, señor do couto de Solveira e Belmonte, Pazos de San Clodio, Picouto e Cotorrino, padroeiro do beneficio de S. Miguel de Calvelle e rexedor do concello de Ourense, e da súa primeira muller, María Ximénez, matrimonio do que naceu, tamén, outro fillo, Pedro Álvarez de Belmonte.

Sabemos pouco da vida de Inés ata que casou, probablemente en 1553, salvo que seu pai contraeu novo matrimonio con Antonia de Nóvoa, da que houbo outros dous fillos, que ó morrer o pai en 1560 sen testar, eran menores de 14 anos. Inés debeu convivir nesta nova situación familiar recibindo unha educación coidadosa (diferente a que recibira seu irmán en Salamanca), como logo manifestaría ó longo da súa vida. En 1553 casa, cunha cuantiosa dote, co rexedor, socio e amigo do seu pai, Rodrigo Vázquez Enríquez, home abonado en bens urbanos na cidade e en rendas e bens rústicos en terra de Caldelas, a Limia e Ourense. Pouco vai durar esta unión, da que nacerá un fillo póstumo, en 1554.

Morto Rodrigo nun «ruido», foi acusado de indutor da morte violenta Diego de Oca Sarmiento, señor de Celme, habitante do pazo dos Oca en Ourense, co que por ese motivo sostivo preitos durante tres anos ata que, finalmente, tras perdoarlle a el e os cómplices, casou co Diego de Oca en xullo de 1557, sendo esplendidamente dotada polo seu pai cos 5.000 ducados que lle dera no primeiro matrimonio. Desta cifra só lle pagou 2.000 e os outros tres comprometéase a llos pagar nun prazo de cinco anos.

A dote non chegou a pagarlla seu pai, pois morreu en 1560, e será o seu irmán Pero o encargado de rematarlla, non sen as conseguintes reclamacións do matrimonio.

A vida de Inés incardínase dende seu casamento co Diego, durante vinte anos, coa casa de Oca, con pouca relación co seu irmán, que rexeitou a súa condición de clérigo da catedral de Ourense, en 1564, e estaba xa casado con D<sup>a</sup> Catalina de Quiros en 1570, aínda que defenden conxuntamente os seus dereitos fronte a súa madrasta e os medios irmáns. A súa vida vai transcorrer entre o pazo de Ourense e o pazo de Afonsas, en Celme, ó coidado da súa prole, do seu marido e dos negocios da casa, non sempre moi boiantes.

De novo, á morte de Diego de Oca, a finais de 1577, volverán os preitos pola herdanza, o aproveitamento da casa, as dotes das fillas, os alimentos dos fillos, as compras e negocios e así veremos pasar a súa vida ata a súa morte en 1596, como se desprende do testamento do veciño de Ourense, Juan González del Valle, que nunha cláusula di: «me entierren en la iglesia de Trinidad desta ciudad, junto a las rejas de la puerta de la Capilla Maior de la dicha Iglesia, de la parte de fuera hacia la mano derecha, adonde solía asentar Ynés Pérez de Velmonte, difunta». Este parágrafo mostra, sen dúbida a forte personalidade e, porque non, o poderoso atractivo de Dona Inés.

A súa vida foi, pois, un tanto axitada e dende moza tivo que facer fronte a numerosos problemas e preitos, derivados da morte do seu primeiro marido, posiblemente relacionada con un problema urbanístico, da titoría do fillo, dos desencontros co irmán do seu primeiro marido, que reclamaba a metade da herdanza dos pais, co seu inestable irmán pola dote que non lle pagaba e cos medios irmáns pola herdanza do seu pai e cos preitos derivados da mal levada administración da casa de Celme, vasalos que non se distinguían precisamente pola lealdade e obediencia ós señores.

A súa vida co Oca parece que foi feliz, aínda que marcada pola desgraza, pois debeu levar consigo sempre a sombra da morte de Rodrigo, os problemas xurdidos pola minoría do seu fillo Pero Vázquez Enríquez, que, casado en 1571 con Leonor Díaz de Cadórniga, filla do señor de Sobradelo, Rodrigo Díaz de Cadórniga, e da súa primeira muller, Antonia de Nóvoa, remataría tolo.

Con Diego tivo cinco fillos: Inés, Diego, Suero, Francisca e Rodrigo ós que se sumaban os dous do primeiro matrimonio do Oca, un dos caes, Álvaro, herdaría o morgado á morte do seu pai, en 1577.

Había que situar ós fillos e casar ás fillas. As dotes foron obxecto de desesperos co morgado, que, en 1578 firma unha concordia coa madrasta prometéndolle pagarlle 3.000 ducados para as dotes de D<sup>a</sup> Inés Sarmiento e D<sup>a</sup> Francisca de Zúñiga no prazo de nove anos.

Inés dota a Inés de Ribadeneira en 1591 para casar con Francisco de Nóvoa y Piña, señor de Armariz, con 3.000 ducados que pagaría Álvaro de Oca, medio irmán de Inés (600 en diñeiro, 100 en pezas de ouro, tapicería, guadamecís, camas de campo, roupa e enxovais, taxados, a conta dos 3.000, e co que lle deran polo preito sobre a súa casa que lle saíu incerta e, se lle saíse certa,

daralla, reservándose o usufruto). O marido dálle en arras 500 ducados. Inés, antes de casar co Oca, en pleno preito pola morte violenta do seu primeiro marido, levaba un tren de vida propio dunha dona fidalga, pois contaba con un paxe, Francisco de Nóvoa, que firma como testemuña nunha escritura de poder, ó igual que seu irmán que estudou en Salamanca sempre acompañado de criados.

A súa vida estivo marcada polos continuos preitos seus ou do seu marido, como o de longa duración sostido cos vasalos de Celme, e co seu irmán, etc., que tivo que sostener na R. Audiencia e na Chancellería de Valladolid. Consérvanse numerosos poderes con ese obxecto con unha sinatura que reflicte unha práctica habitual.

A viuvedade do segundo matrimonio supúxolle a reclamación ó morgado da súa importante dote, sendo así que non quedarán bens libres á morte do seu marido, o cambio de domicilio, baixando do espazoso e luxoso palacio no que vivira no centro da cidade durante dúas décadas a unha casa na Porta da Aira, con horta, saído e adega, na parroquia da Trindade, casa que lle comprara, en 1580, ós herdeiros de Camila de Puga e de Vasco Colmenero, seu marido, veciños de Gudes, na Limia, que non lle saíra certa e segura e sobre a que aínda traía preito en 1591. Viuse, pois, inmersa en moitos preitos na procura dos seus bens e dos seus fillos, buscando situalos convenientemente.

En 1573, foron emancipados por Diego de Oca, marido de Inés, os seus fillos Diego de Oca Sarmiento e Suero de Oca, ante o correxidor Lcdo. Pedro de Vivanco, probablemente para buscar a vida fora da casa paterna, na que non tiñan porvir.

En 1578, Diego procura a carreira eclesiástica e xa estaba ordenado de prima coroa e fai xestións para obter os froitos da igrexa de S. Xoán de Laza.

Non era moi consecuente coa súa profesión, pois dous anos despois Francisco Méndez de Ribera, o Mozo, acúsao de facerlle unha ferida na cabeza, de noite na Praza da Ferraría, rematando o asunto co desestimento da querela contra Diego «porque es clérigo» «y está informado de la poca culpa que tuvo». Pero a cousa non lle saíu gratis o revoltoso Oca. A broma custoulle ó Oca 20 ducados que lle pagou ó rexedor Pero Díaz de Cadórniga polas costas e gastos, curas e medicamentos da ferida.

En 1591, vemos a Diego en Sevilla como mestresala do cardeal D. Rodrigo de Castro, fillo dos terceiros Condes de Lemos e protector dunha porción de parentes, como os Villamarín, Pimentel da Mezquita, Losada da Freiría, etc. e alí lle chegaban 50 ducados que lle producía o beneficio de Sta. María de Ordes.

Rodrigo de Ribadeneira tamén se dedicará a Igrexa, acadando o beneficio de Ordes e vivirá coa súa nai en Ourense.

Inés deixou para a posteridade unha fermosa imaxe da Inmaculada que lle encargou ó escultor Juan de Juni, segundo manifesta este no seu testamento de 1577, e hoxe en día custodiada no Museo Arqueolóxico de Ourense. Esta peza é un claro expoñente das vinculacións da arte castelá, especialmente vallisoletana e leonesa, coa galega. Ourense era na segunda metade do século XVI o principal núcleo artístico de Galicia, eixo da arte renacentista, centrado ó redor da súa Catedral.

Trátase dunha talla de excelente calidade que suxire nos seus rotundos volumes evocacións «miguelanxelescas» e preséntase con un claro influxo manierista.

#### **Texto extraído de:**

GALLEGO DOMÍNGUEZ, O.: "Historia da Muller. Mulleres ourensás dos séculos XIV-XVIII", GMM. Ourense, 2008.

<https://musarqourense.xunta.gal/gl/difusion/publicacions/historia-da-muller-mulleres-ourensas-dos-seculos-xiv-xviii>

#### **Máis información en:**

BARRIOCANAL LÓPEZ, Y.: "La actividad escultórica en Ourense, del Renacimiento al Barroco", GMM. Ourense, 2016.

<https://musarqourense.xunta.gal/gl/difusion/publicacions/la-actividad-escultorica-en-ourense-del-renacimiento-al-barroco>

LORENZO RUMBAO: *Inmaculada. Juan de Juni*. Peza do mes de marzo de 1999

<https://musarqourense.xunta.gal/gl/peza-mes/inmaculada-juan-de-juni>

Blogger: Historia das nosas mulleres ourensás. Rosa Cid Galante

<https://mulleresourensas.blogspot.com/>